



**Concello da Coruña**

Concellería de Igualdade e  
Participación Cidadá

# mulleres migrantes

GUÍA PARA TRABALLAR COAS  
MULLERES MIGRANTES DESDE  
A PERSPECTIVA DE XÉNERO



A graphic consisting of two white arrows pointing away from each other, one towards the top-right and one towards the bottom-left. A series of white dots of varying sizes connects the two arrows, forming a curved path that frames the text.

**mulleres  
migrantes**

GUÍA PARA TRABALLAR  
COAS MULLERES MIGRANTES  
DESDE A PERSPECTIVA  
DE XÉNERO

Edita

**Concello da Coruña**  
Concellería de Igualdade e Participación Cidadá

Elaboración de contidos

**Fundación Mujeres**

Diseño gráfico

**Pablo Hueso AC.sl.**

*Impreso en 2011*

índice

<b>5</b>	<b>•</b>	<b>1. Presentación</b>
<b>6</b>	<b>•</b>	<b>2. Ideas clave que hai que ter en conta na intervención con mulleres inmigrantes</b>
<b>10</b>	<b>•</b>	<b>3. Normativa principal sobre xénero e inmigración</b>
<b>12</b>	<b>•</b>	<b>4. Dereitos das mulleres inmigrantes:</b>
13		Respondendo as túas cuestións sobre dereitos e deberes documentais
20		Respondendo as túas cuestións sobre dereitos e deberes sociais e sanitarios
22		Respondendo as túas cuestións sobre dereitos e deberes laborais
<b>26</b>	<b>•</b>	<b>5. Trámites</b>
26		Documentación básica
27		Tarxeta sanitaria
27		Autorizacións e permisos
29		Homologación de estudos
30		Permiso de circulación
31		Escolarización
32		Trámites bancarios
32		Certificado de discapacidade
33		Outros trámites
<b>34</b>	<b>•</b>	<b>6. Recursos</b>
34		Transporte
35		Saúde
37		Servizos municipais
41		Asociacións, ONG e outras entidades
45		Vivenda
48		Educación / Formación
55		Emprego
56		Seguridade
57		Violencia de xénero
58		Conciliación da vida persoal, familiar e laboral
<b>61</b>	<b>•</b>	<b>7. Bibliografía</b>





# 1. Presentación

O proxecto ADA INTEGRAponse en marcha no ano 2008 como unha iniciativa da Concellería de Igualdade e Participación Cidadá dentro do Centro de Información ás Mulleres do Concello da Coruña.

Nace coma un espazo intercultural para mulleres inmigrantes e autóctonas e as súas fillas e fillos:

- Pensado desde os seus tempos, ritmos e necesidades para potenciar a súa participación social, laboral, educativa.
- Para formar, informar e obter asesoramento e apoio de profesionais e doutras mulleres.
- En que mellorar a calidade de vida e o benestar mediante actividades culturais, físicas e lúdicas.
- En que coñecer e defender os seus dereitos como cidadá, muller, migrante, traballadora, consumidora etc.
- En que participar, propoñer, relacionarse e crear redes con outras mulleres.

Despois de tres anos de traballo compartido coas participantes no Proxecto ADA, presentamos esta guía que ten dous obxectivos principais:

- Informar dunha forma útil e práctica sobre os dereitos, trámites, recursos e servizos con que contamos, co obxectivo de mellorar as oportunidades das mulleres inmigrantes no proceso de incorporación a unha nova sociedade e facilitar a igualdade de xénero.
- Achegar información, afondar no coñecemento e ofrecer unhas pautas xerais para incorporar a perspectiva de xénero, como unha ferramenta imprescindible nas intervencións e no traballo coas mulleres inmigrantes.

Esta guía vai dirixida ás **mulleres inmigrantes** e a todas aquelas **persoas que traballan directa ou indirectamente con elas**, ao considerar que esta é unha intervención que require dunha colaboración interdisciplinar, coordinada entre as diferentes administracións públicas, as asociacións de inmigrantes, as ONG, outros axentes sociais e o conxunto da cidadanía.

A guía estrutúrase nunha serie de bloques nos que se recollen ideas clave e recomendacións prácticas para que o persoal técnico poida incorporar a perspectiva de xénero nos servizos e programas dirixidos a mulleres inmigrantes. Posteriormente, expóñense cuestións sobre dereitos de identificación, sociais, sanitarios e laborais; así como os trámites que hai que realizar e os recursos a que debemos acudir para facer efectivos estes dereitos.

## 2. Ideas clave que hai ter en conta na intervención con mulleres inmigrantes

### ACCESIBILIDADE

Falamos do conxunto de características que deben ter os servizos, os programas ou os recursos e que posibilitan e facilitan, ou no caso contrario, obstaculizan que sexan utilizados e visitados polas mulleres inmigrantes, en condicións de igualdade, benestar e seguridade.

### ACOLLEMENTO

O acollemento é un momento clave na intervención con mulleres inmigrantes, pois implica o seu primeiro contacto coas entidades, os servizos e programas. É necesario establecer un plan de traballo personalizado, para poder traballar de forma conxunta, eficaz e acorde coas súas necesidades reais, en que se teñan en conta aspectos como:

- Establecer un clima de confianza na primeira entrevista.
- Ter una actitude aberta.
- Explicar a confidencialidade de todos os asuntos tratados.
- Informar sobre dereitos e recursos axeitados a cada situación.
- Facer ver que ela é a protagonista do seu propio desenvolvemento persoal e social e evitar relacións de proteccionismo e vitimización.
- Potenciar a coordinación entre entidades, a través da derivación a servizos e programas que máis se axusten ás súas necesidades.

### ROMPER COA VISIÓN PARCIAL E ESTEREOTIPADA SOBRE AS MULLERES INMIGRANTES

As estratexias de intervención que moitas veces utilizamos con mulleres doutras orixes, culturas, relixións etc. están influenciadas polos imaxinarios xeneralizados presentes nas nosas sociedades de recepción.

Manter unha visión parcial do movemento migratorio feminino promove intervencións sociais impregnadas de ideas preconcebidas, que reforzan unha visión androcéntrica, que subliñan os aspectos negativos e que permiten impoñer unha visión vitimista da migración feminina.





Fronte a isto, temos que facer un esforzo para romper con este *imaxinario que sitúa as mulleres procedentes de certas partes do mundo como tradicionais, familiares, relixiosas e sen control sobre as súas vidas; imaxinario que emerxe como diferenciado respecto do "da muller occidental," concibida como educada, moderna, con control do seu corpo e sexualidade e libre para as decisións concernentes á súa propia vida (Mohanty, 2003).*

O colectivo de mulleres inmigrantes é tan heteroxéneo como as sociedades de que forman parte. Non pode existir unha mirada única, senón que temos que ofrecer unha intervención diversificada e lonxe de estereotipos. Cada historia de vida é única e forma parte dun proxecto individual de progreso persoal.

## INCORPORAR A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Unha intervención desde esta perspectiva, implica:

- Prestar atención e identificar as desigualdades e factores da desigualdade, así como os procesos de discriminación legal, social, económica e cultural de que son obxecto as mulleres inmigrantes nas sociedades receptoras.
- Ter en conta as situacións das persoas a que vai dirixido o recurso e se proporcionan un servizo oportuno, no tempo e na forma, ás súas necesidades e demandas.

Unha análise de xénero, realizada para conseguir a igualdade de oportunidades de mulleres inmigrantes, ten que ter en conta o seu país de procedencia, relixión e cultura, así como os motivos polos que migraron (emprego, estudos, reagrupación...) para poder identificar os diferentes obstáculos e oportunidades aos que se enfrontan mulleres e homes sen esquecer as disparidades existentes, pois non deben ser consideradas como pertencentes a grupos homoxéneos.

Este elemento reviste unha especial importancia e debe terse presente, se se queren identificar medidas verdadeiramente eficaces. A falta dun coñecemento máis profundo da realidade sobre a que imos intervir afecta directamente á adecuación das accións deseñadas e ao impacto que a súa realización poida ter.

## FORMACIÓN

A adquisición de coñecementos sobre a xestión da diversidade, sobre a migración e sobre as características da poboación inmigrante que reside no noso municipio é imprescindible

para aquelas/es técnicas/os que deseñen accións con mulleres inmigrantes:

- A súa forma de entender o mundo.
- A cultura.
- As formas de relacións.
- Os dereitos dos seus países de orixe.
- Os beneficios que achegan as persoas ao país receptor.
- Etc.

## **INTERVIR EN ASPECTOS COMO A MOTIVACIÓN E A AUTOESTIMA**

Referímonos a ter en conta que a decisión de emigrar a outro país non é doada, polo que poden xurdir situacións e procesos de frustración. Neste sentido, é necesario contemplar estratexias de intervención en que se traballen aspectos como a motivación e a autoestima, tanto a nivel individual como a nivel de grupo.


## **ESTABLECER SISTEMAS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E IMPACTO DOS SERVIZOS E PROGRAMAS**

Trátase de coñecer como os procesos de intervención social logran ou non cumprir as expectativas das persoas que acoden aos servizos e programas, incluíndo tanto elementos de trato na relación de atención como a contribución na transformación das condicións sociais presentes nas sociedades receptoras e que lles afectan ás mulleres inmigrantes.

## **POÑER Á DISPOSICIÓN MEDIDAS DE IGUALDADE**

É imprescindible incorporar a perspectiva de xénero para entender que a conciliación entre a vida familiar, persoal e laboral non implica a posta en marcha de servizos, programas e recursos dirixidos exclusivamente ás mulleres, senón ás unidades de convivencia, no seu conxunto. Supón, ademais, un traballo de concienciación dirixida a toda a sociedade e, particularmente, ao sector empresarial, para establecer modalidades laborais máis abertas, con espazos, tempos, condicións e salarios dignos.

Neste sentido, pódense levar a cabo campañas de sensibilización sobre corresponsabilidade dirixidas a revalorizar o traballo doméstico e a fomentar de forma activa a implicación dos homes na súa realización, concienciar sobre a existencia de distintas modalidades de convivencia, non sempre baseadas na consanguinidade ou fortalecer as redes sociais, o tecido asociativo ou o uso de recursos como o banco do tempo.



## USO DUNHA LINGUAXE NON SEXISTA

O feito de que as mulleres non teñan unha representación simbólica na lingua contribúe á súa invisibilización, ao entender que, "o que non se nomea non existe".

Para o logro da igualdade de xénero faise imprescindible facer uso dunha linguaxe que represente as mulleres e os homes e que nomee as súas experiencias dunha forma equilibrada.

Unha linguaxe non sexista: non oculta, non subordinada, non infravalorada e que non exclúe. O seu uso forma parte do que denominamos linguaxe incluínte, inclusiva e integradora, que en si mesma abarca moitos outros conceptos ademais dos sexismos, máis complexos no seu desenvolvemento e comprensión, como a relixión, as culturas, os tópicos, a inmigración, as razas, entre outros aspectos.

## ESTABLECER MECANISMOS DE COORDINACIÓN ENTRE AS DIFERENTES ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS QUE TRABALLAN COAS MULLERES INMIGRANTES

O que se pretende é optimizar a calidade de atención prestada ás mulleres inmigrantes e non contribuír a revitimízalalas e procurar unha intervención realmente coordinada, interdisciplinar e integral.

### 3. Normativa principal sobre xénero e inmigración

Para poder traballar coas mulleres inmigrantes, é necesario coñecer a lexislación actual sobre xénero e de inmigración. A continuación recollemos a normativa vixente a nivel estatal e autonómica:

- Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social

<http://www.boe.es/boe/dias/2000/01/12/pdfs/A01139-01150.pdf>

- Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro, de reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social

<http://www.mir.es/SGACAVT/derecho/lo/lo04-2000.html>

- Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria

[http://extranjeros.mtin.es/es/NormativaJurisprudencia/Nacional/RegimenAsilo/documentos/ley\\_de\\_asilo\\_BOE\\_A\\_2009\\_17242.pdf](http://extranjeros.mtin.es/es/NormativaJurisprudencia/Nacional/RegimenAsilo/documentos/ley_de_asilo_BOE_A_2009_17242.pdf)

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

[http://www.boe.es/aeboe/consultas/bases\\_datos/doc.php?id=BOE-A-2007-6115](http://www.boe.es/aeboe/consultas/bases_datos/doc.php?id=BOE-A-2007-6115)

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero

[http://igualdade.xunta.es/sites/default/files/files/documentos/1\\_2004%20medidas%20proteccion%20integral.pdf](http://igualdade.xunta.es/sites/default/files/files/documentos/1_2004%20medidas%20proteccion%20integral.pdf)

- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

<http://www.xunta.es/Dog/Dog2007.nsf/FichaContenido/D2E6?OpenDocument>



- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

**[http://igualdade.xunta.es/sites/default/files/files/documentos/11\\_2007.pdf](http://igualdade.xunta.es/sites/default/files/files/documentos/11_2007.pdf)**

- Plan estratéxico de cidadanía e integración, 2007- 2010, do Ministerio de Traballo e Inmigración

**[http://www.mtin.es/es/sec\\_emi/IntegralInmigrantes/PlanEstrategico/index.htm](http://www.mtin.es/es/sec_emi/IntegralInmigrantes/PlanEstrategico/index.htm)**

- Plan de atención e prevención da violencia de xénero en poboación estranxeira inmigrante 2009-2012

**[http://www.migualdad.es/ss/Satellite?cid=1193050058286&pagename=MinisterioIgualdad%2FPage%2FMIGU\\_contenidoFinal](http://www.migualdad.es/ss/Satellite?cid=1193050058286&pagename=MinisterioIgualdad%2FPage%2FMIGU_contenidoFinal)**

- Plan estratéxico de igualdade de oportunidades, 2008- 2011, do Ministerio de Igualdade

**[http://www.migualdad.es/ss/Satellite?cid=1193047402663&pagename=MinisterioIgualdad%2FPage%2FMIGU\\_contenidoFinal](http://www.migualdad.es/ss/Satellite?cid=1193047402663&pagename=MinisterioIgualdad%2FPage%2FMIGU_contenidoFinal)**

- V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes, 2007-2010, da Xunta de Galicia

**<http://193.144.91.54/smu/IMG/pdf/5planigu.pdf>**

## 4. Dereitos das mulleres migrantes

Coñecer polo miúdo os nosos dereitos e deberes é fundamental para nos sentirmos como cidadás activas e participantes dentro do noso lugar de residencia.

A lexislación española vixente recoñécelles ás persoas estranxeiras<sup>1</sup> dos países integrantes da Europa dos 27<sup>2</sup> e ás doutros países extracomunitarios que dispoñan de permiso de residencia en España os mesmos dereitos e deberes que ás persoas españolas.

As mulleres migrantes temos dereito a<sup>3</sup> ...

- documentación (artigo 4)
- circulación (artigo 5)
- participación pública (artigo 6)
- liberdades de reunión e manifestación (artigo 7)
- liberdade de asociación (artigo 8)
- educación (artigo 9)
- traballo e a Seguridade Social (artigo 10)
- liberdade de sindicación e folga (artigo 11)
- asistencia sanitaria (artigo 12)
- axudas sobre vivenda (artigo 13)
- Seguridade Social e a axudas sociais (artigo 14)
- suxeición das persoas estranxeiras aos mesmos impostos que as españolas (artigo 15).

Se procedes dun país non pertencente á Europa dos 27 e non dispós de autorización de residencia, os teus dereitos redúcense ao acceso á educación básica, á xustiza, aos servizos sociais básicos e á asistencia sanitaria. Por iso é importante cumprir con todos os trámites requiridos para obter o permiso de residencia e de traballo.

---

1. Considérase estranxeira aquela persoa que carece de nacionalidade española.

2. Pertencen á Europa dos 27: Alemaña, Austria, Bélxica, República Checa, Chipre, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía e Suecia.

3. Título I da Lei orgánica 4/2000, do 22 de decembro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social

## Respondendo as túas cuestións sobre dereitos e deberes documentais

### • *Son indocumentada<sup>4</sup>, teño dereito ao empadramento?*

Si, todas as mulleres estranxeiras que residen en España teñen o dereito e o deber de estaren empadroadas, de conformidade coa lexislación vixente do noso país.

O Padrón municipal é o rexistro administrativo en que están inscritas todas as persoas que viven no municipio.

As persoas estranxeiras non comunitarias sen autorización de residencia deberán renovar a inscrición no Padrón cada dous anos (renovación periódica).

#### **Documentación necesaria:**

DNI, NIE ou pasaporte en vigor.

Documentos que acrediten a residencia efectiva no municipio: contrato de alugamento ou propiedade.

En caso de ter menores ao seu cargo, presentárase fotocopia e orixinal dos pasaportes e libro de familia.

#### **VANTAXES DE EMPADROARSE:**

Asegurar a asistencia sanitaria.

Pode ser unha boa proba se hai que demostrar o tempo que se leva no país.

Permite o acceso aos servizos sociais do Concello.

Permite participar nos programas que cada municipio desenvolve para mellorar as condicións de vida da veciñanza en áreas de tanta importancia como a vivenda, a educación, o emprego, a saúde, a cultura, o deporte, o ocio...

Permite beneficiarse das actuacións que os servizos sociais de cada municipio levan a cabo para informar, orientar e atender as necesidades específicas das persoas máis desfavorecidas e facilitar a súa integración social.

4. Persoa que carece dos documentos legais de identificación persoal necesarias para acreditar a súa identidade.

## • *Que documentos necesito para a miña identificación?*

A documentación de que debes dispor é:

<b>PASAPORTE</b>	Acredita a identidade e a situación de estadía en España para aqueles supostos de persoas estranxeiras que non precisen obter un visado de estadía.
<b>VISADO</b>	<p>Acredita a situación para a que foi outorgado. Ten validez desde a entrada no territorio español até a obtención da correspondente tarxeta de identidade de persoa estranxeira ou até que se extinga a dita validez.</p> <p>As persoas estranxeiras que queiran entrar en territorio español deberán ter algún dos seguintes visados, validamente expedidos e en vigor, estendidos nos seus pasaportes ou documentación de viaxe ou, se for o caso, en documento á parte, salvo que existan causas de exención de visado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Tránsito até 5 días: territorial ou aeroportuario</li> <li>• Estadía até 90 días por semestre:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Curta duración: máximo tres meses, dous ou varias entradas.</li> <li>- Múltiple: varias entradas / saídas</li> <li>- Especial: estudantes, investigacións, busca de emprego,...</li> </ul> </li> <li>• Residencia para períodos de tempo superior a 90 días e inferior a 5 anos, sen exercer actividade laboral ou profesional.</li> <li>• Traballo e residencia, para exercer actividade laboral ou profesional e para residir.</li> </ul>
<b>NIE</b>	<p>É o número de identificación de persoas estranxeiras, similar ao NIF da cidadanía española. É un número persoal, único e exclusivo.</p> <p>Deberán solicitalo todas aquelas persoas estranxeiras que:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Obteñan un documento que as habilite para permanecer no territorio do Estado.</li> <li>• Se lles incoa un expediente administrativo en virtude do disposto na normativa sobre estranxeiría.</li> <li>• Se relacionen con España, por motivos económicos, profesionais ou sociais (aínda que non estean en España).</li> </ul> <p>Este número deberá constar en todos os documentos que se lle expidan ou tramiten á persoa estranxeira.</p>



<b>TIE</b>	<p>É a tarxeta de identidade das persoas estranxeiras, similar ao DNI da cidadanía española.</p> <p>Outórgase a aquelas persoas estranxeiras ás que se lles expediu un visado ou unha autorización para permanecer en España por un período superior a 6 meses.</p> <p>Identifica a persoa estranxeira para os efectos de acreditar a súa situación legal en España.</p> <p>Terá igual período de validez que a autorización ou visado que xustificou a súa expedición.</p>
<b>TARXETA DE TRABALLADORA TRANSFRONTEIRIZA E DE ESTUDANTE</b>	<p>Esta tarxeta, similar á TIE e con idéntica tramitación, deberana obter aquelas persoas estranxeiras que se atopan en España en estadía de estudos ou investigación, por un período superior a 6 meses, e aquelas persoas que sexan traballadoras transfronteirizas.</p>

**• *Son indocumentada, teño dereito a solicitar e a obter unha autorización de residencia e/ou traballo?***

Si, sempre que se acrediten circunstancias excepcionais ou razóns humanitarias como por exemplo:

- Ter permanecido en España durante polo menos tres anos, contar cun contrato de traballo dun ano ou medios económicos de vida e con informe favorable do concello en que estás empadroada.
- Ter permanecido en España durante tres anos e ter un membro da túa familia residente neste país.
- Acreditar que o teu traslado ao teu país suporá un perigo para a túa seguridade ou a da túa familia. (art.45 RELOEX)<sup>5</sup>.

5. Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

- Ter relación e arraigamento laboral<sup>6</sup> de polo menos un ano e a permanencia continuada en España de polo menos dous anos.
- Ser vítima de discriminación racial, de violencia de xénero ou racista e contar cunha sentenza por estes delitos. No caso das vítimas de violencia de xénero, mentres se tramita o procedemento teñen residencia temporal.
- Sufrir unha enfermidade sobrevida de carácter grave.

---

### • *Cando estou autorizada a residir en España?*

---

Son residentes as persoas estranxeiras que se atopen en España e sexan titulares dunha autorización para residir, sexa esta de residencia temporal ou residencia permanente.

#### **Residencia temporal:**

Autoriza a permanecer en España, por un período superior a 90 días e inferior a cinco anos. O visado de residencia incorporará a autorización inicial de residencia, e a vixencia desta comezará desde a data na que se efectúe a entrada en España, a cal se deberá facer constar obrigatoriamente no pasaporte ou título de viaxe. A autorización inicial de residencia temporal terá a duración dun ano. A súa renovación terán unha duración de dous anos.

A autorización de residencia temporal non permite, por si soa e con carácter xeral, a traballar en España.

Tipos de residencia temporal:

- Por agrupación familiar.
- Por motivos excepcionais:
  - Arraigamento laboral - Arraigamento social
  - Arraigamento familiar - Razóns humanitarias

#### **Residencia temporal con autorización para traballar:**

Autoriza a persoa estranxeira maior de 16 anos a permanecer en España por un período superior a 90 días e inferior a cinco anos e a exercer unha actividade lucrativa, laboral ou profesional, por conta propia ou allea. A autorización inicial para traballar está restrinxida a unha zona xeográfica.

6. Por arraigamento laboral, poderán obter unha autorización as persoas estranxeiras que acrediten a permanencia continuada en España durante un período mínimo de dous anos e que demostren a existencia de relacións laborais cunha duración non inferior a un ano.

### **Residencia permanente:**

Autoriza a persoa estranxeira, que acredite ter residido legalmente e de xeito continuado en territorio español durante un período de cinco anos, a residir de forma indefinida en España e traballar en igualdade de condicións que as persoas españolas.

A autorización de residencia permanente tamén se concederá nos seguintes supostos:

- a. Se a persoa percibe unha pensión de xubilación (modalidade contributiva).
- b. Residentes que perciban unha pensión de incapacidade permanente absoluta ou de gran invalidez (modalidade contributiva) ou de prestacións análogas ás anteriores obtidas en España e consistentes nunha renda vitalicia, non capitalizable, suficiente para o seu sostemento.
- c. Persoas que naceran en España e cando alcancen a maioría de idade acrediten residir en España de forma legal e continuada durante, polo menos, o tres anos consecutivos inmediatamente anteriores á solicitude.
- d. Que fosen de orixe española e perdesen a nacionalidade.
- e. Que ao chegar á maioría de idade estean baixo a tutela dunha entidade pública española durante os cinco anos inmediatamente anteriores de forma consecutiva.
- f. Apátridas ou persoas refuxiadas que se atopen en territorio español e a quen se lles recoñeceu o respectivo Estatuto en España.
- g. Persoas estranxeiras que contribuísen de forma notoria ao progreso económico, científico ou cultural de España, ou á proxección de España no exterior.

---

**• *Acabo de obter unha autorización de residencia temporal, podo solicitarlle a autorización á/ao miña/meu filla/o?***

---

Si, cando:

- A/o túa/teu filla/o naza en España.
- A/o túa/teu filla/ou sexa menor de idade ou incapacitada/ou, leve en España polo menos dous anos e dispoñas de recursos económicos e de aloxamento (art. 94 RELOEX).

---

**• *Podo saír e posteriormente retornar a España cunha autorización de residencia que non estea en vigor?***

---

Si, sempre que presentes a solicitude de renovación da túa tarxeta de residencia e solicites e obteñas unha autorización de regreso (art. 18.6.7. RELOEX).

---

### • **Que requisitos teño que acreditar para que me concedan a renovación da autorización de residencia?**

---

1. Continuar coa relación laboral que deu lugar á concesión da autorización.
2. De non ser o caso, acreditar que se traballou un mínimo de 6 meses por ano e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:
  - Ter asinado un novo contrato e que figure en situación de alta na Seguridade Social no momento de solicitar a renovación.
  - Dispor dunha nova oferta de traballo cos requisitos necesarios para a concesión dunha autorización inicial de residencia e traballo.
3. Se o período de actividade acreditado foi de polo menos tres meses por ano, renovarase sempre que:
  - A relación laboral fose interrompida por causas alleas á vontade da persoa traballadora.
  - Desenvolvera unha busca activa de emprego e participara nas accións do SGC ou en programas de inserción sociolaboral de entidades públicas/privadas que contén con subvencións públicas.
  - Se teña un contrato de traballo en vigor no momento de solicitar a renovación.
4. Tamén procede a renovación no caso de:
  - Ter recibido unha prestación contributiva por desemprego, polo tempo de duración desta.
  - Estar percibindo unha prestación económica asistencial de carácter público, cara a lograr a súa inserción social ou laboral, durante o seu prazo de vixencia.

---

### • **Teño dereito á reagrupación familiar?**

---

Si, e para poder exercelo tes que:

- Ter unha autorización de residencia durante un ano e solicitar a súa renovación.
- Dispor de xustificación documental que acredite a túa dispoñibilidade de emprego e/ou recursos económicos e de vivenda en condicións de habitabilidade (art. 42 RELOEX).

---

### • **No caso de resolución denegatoria, podo recorrer?**

---

Si, poderás interpor recurso administrativo ou xurisdiccional no prazo fixado para iso (Disposición adicional décima RELOEX).



---

• ***Que membros da familia pode reagrupar?***

---

Poderás reagrupar o teu cónxuxe, os teus fillos e fillas e os do teu cónxuxe menores (incluídas as persoas adoptadas) menores de 18 anos ou incapacitadas/os (non deberán estar casados) sempre que a persoa solicitante sexa a representante legal ao seu cargo. Tamén os ascendentes (nais/pais da solicitante ou do seu cónxuxe) cando estean ao seu cargo.

---

• ***Son muller reagrupada, pode solicitar e obter unha autorización de residencia independente da do meu cónxuxe?***

---

Si, en determinados supostos, entre outros:

- Cando obteñas autorización para traballar.
- Cando residas en España durante cinco anos.
- Se es vítima de violencia de xénero e existe unha orde de protección ao teu favor ou, na súa falta, un informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia de xénero (art. 41.1.2, b e c, RELOEX).

---

• ***Son vítima de violencia de xénero, teño dereito de asilo?***

---

Si, o dereito de asilo é a protección dispensada ás persoas nacionais non comunitarias ou ás persoas apátridas a quen se recoñeza a condición de refuxiada. Esta protección consiste na non devolución nin expulsión das persoas a quen se lles recoñeceu, así como na adopción das seguintes medidas, entre outras: a autorización de residencia e traballo permanente, o acceso aos dereitos recoñecidos pola lexislación aplicable a vítimas de violencia de xénero, o acceso á asistencia sanitaria, á asistencia social e aos servizos sociais<sup>7</sup>.

A condición de refuxiada recoñeceráselles ás mulleres vítimas de violencia de xénero que, debido a temores fundados de seren perseguidas por motivos de pertenza a un determinado grupo social, de xénero ou orientación sexual, se atopan fóra do país da súa nacionalidade e non poden ou, a causa destes temores, non queren acollerse á protección de tal país, ou a muller apátrida que, por carecer de nacionalidade e atoparse fóra do país onde antes tivera a súa residencia habitual, polos mesmos motivos non pode ou, a causa destes temores, non quere regresar a el.

7. Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria.

## Respondendo as túas cuestións sobre dereitos e deberes sociais e sanitarios

---

### • *Teño dereito a ser beneficiaria do Sistema Público de Servizos Sociais?*

---

Si, calquera que sexa a túa situación administrativa, tes dereito aos servizos e prestacións sociais básicas (art. 14 RELOEX).

O Concello da Coruña, dispón dunha serie de prestacións sociais básicas destinadas a cubrir necesidades de emerxencia social, sempre que as persoas solicitantes se atopen en situación de precariedade económica. Podes informarte destas prestacións no centro cívico máis próximo ao teu domicilio.

---

### • *Teño dereito á educación?*

---

Si, ademais, para mellorar a túa participación social, podes acceder aos niveis de educación e ensino de natureza non obrigatorias, as bolsas e axudas e as titulacións e desempeño de actividades de carácter docente ou de investigación científica. Así mesmo, podes crear e dirixir centros de acordo co que se establece nas disposicións vixentes (art. 9 LOEX).

---

### • *Teño dereito á xustiza gratuíta?*

---

Si, a xustiza gratuíta é o dereito que concede a lei de litigar gratuitamente as persoas que carecen de recursos económicos suficientes, cando se ven inmersas nunha causa xudicial calquera que sexa a súa posición no proceso.

Teñen dereito á xustiza gratuíta as cidadás españolas, as nadas nun dos países da Europa dos 27 e as persoas estranxeiras que residan legalmente en España.

As cidadás estranxeiras na orde penal e no contencioso administrativo así como na vía administrativa previa aínda que non residan legalmente no territorio español.

Para este dereito debe acreditarse que os ingresos económicos, computados anualmente por unidade familiar, non supere o dobre do salario mínimo interprofesional.

---

### • *Teño dereito á participación activa en reunións e asociacións?*

---

Si, poderás exercer o dereito de reunión, de asociación e de afiliación sindical ou profesional en condicións de igualdade cando obteñas a autorización de estadia ou residencia (art. 7, 8 e 11 LOEX).

---

• ***Son estranxeira, teño dereito á asistencia sanitaria de balde?***

---

Si, as persoas estranxeiras e as súas familias, con residencia legal en España, teñen dereito á asistencia sanitaria por estar incluída directa ou indirectamente como titulares ou beneficiarios/as en idénticas condicións de igualdade xurídica con respecto á cidadanía española.

Ademais como muller podes e debes solicitar a prevención, tratamento e seguimento xinecolóxico e das enfermidades de transmisión sexual (art. 12 LOEX).

---

• ***E se estou nunha situación irregular?***

---

Si, as persoas estranxeiras en situación irregular, se carecen de recursos económicos suficientes e están empadroadas, terán dereito ás prestacións de asistencia sanitaria pública e gratuíta, e con idéntica extensión, contido e réxime que os previstos para a cidadanía española.

Isto inclúe:

- Menores de idade, encóntrense ou non coas/cos súas/seus proxenitoras/es.
- Mulleres embarazadas, aínda que non se encontren empadroadas terán dereito á asistencia sanitaria durante o embarazo, o parto e posparto.
- Persoas estranxeiras asiladas, refuxiadas e apátridas, independentemente da súa condición administrativa previa e de que se encontren ou non no Padrón.
- Persoas que se atopen en situacións de urxencia, que sofre unha enfermidade grave ou calquera tipo de accidente

---

• ***Que necesito para acceder á asistencia sanitaria de balde?***

---

A tarxeta sanitaria é o documento que identifica e acredita á persoa no Sistema Público de Saúde de Galicia. É individual, é dicir, todas as persoas, adultas e menores, teñen a súa propia tarxeta. Para a súa solicitude é requisito indispensable estar empadroado/a en Galicia.

Para poder solicitar a asistencia sanitaria é imprescindible solicitar o número de Seguridade Social. É un número necesario para a posterior afiliación e alta nalgún réxime da Seguridade Social, para a solicitude de prestacións e para o INEM, así como a solicitude das prestacións e das pensións: xubilación, incapacidades, maternidade e paternidade, morte e supervivencia (viuvez, orfandade...), prestacións por nacemento de filla/o, prestacións por filla/o a cargo etc.

---

• ***Cando se extingue o dereito á asistencia sanitaria?***

---

- Cando se perdan as condicións requiridas para ser titular ou beneficiario/a do dereito.
- Por falecemento.

### • *Teño dereito ao planeamento familiar?*

Si, podes previr os embarazos non desexados (métodos anticonceptivos e contraceptivos) e tes dereito ao diagnóstico, control e seguimento durante o embarazo, parto e puerperio.

### • *Son vítima de violencia de xénero. Teño dereito á asistencia socio-sanitaria?*

Si, independentemente da túa orixe, relixión, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, en caso de violencia terás garantido o acceso aos recursos e servizos sociais (art. 19 LOMPIVG)<sup>8</sup>.

## Respondendo as túas cuestións sobre dereitos e deberes laborais

### • *As persoas estranxeiras non comunitarias temos dereito a exercer calquera actividade laboral?*

Si, pero para poder traballar é necesario a autorización administrativa correspondente.

#### PERMISOS DE TRABAJO

##### Traballo por conta allea

###### INICIAL

- É o primeiro permiso que se obtén para traballar por conta allea.
- Pode estar limitado a un sector ou actividade e ámbito xeográfico concreto, polo que non poderán ser contratadas noutra actividade nin territorio en que figura na parte posterior da tarxeta de identidade.

###### RENOVADO

- Permite desenvolver calquera actividade por conta allea en todo o territorio nacional.
- Ten unha validez de dous anos.

##### Traballo por conta propia

###### INICIAL

- É o primeiro permiso que se obtén para traballar por conta propia.
- Pode estar limitado a un sector ou actividade e ámbito xeográfico concreto, polo que non poderán ser contratadas noutra actividade nin territorio en que figura na parte posterior da tarxeta de identidade.

###### RENOVADO

- Permite desenvolver calquera actividade por conta allea en todo o territorio nacional.
- Ten unha validez de dous anos.

8. Lei orgánica 1/2004 do 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.



---

• ***Podo e debo protexerme das discriminacións e do acoso sexual?***

---

Si, tanto o acoso sexual como as discriminacións no ámbito laboral por razóns de sexo, orixe, etnia, estado civil... son tipificados de infracción moi grave (art. 8 e 16 da LISOS, art. 4.2.c. e art. 28 ET)<sup>9</sup>.

---

• ***Podo e debo protexer a miña saúde de situacións laborais adversas?***

---

Si, tes dereito á protección da túa seguridade e saúde tanto física coma psíquica e á prevención dos riscos derivados do teu posto de traballo así como o deber de observar as medidas de prevención que se adopten.

Ademais, durante o embarazo, parto recente ou lactación podes solicitar modificación de actividade laboral se a que exerces implica un risco para a túa saúde ou a da/o túa/teu filla/o (art. 26 LPRL)<sup>10</sup>.

---

• ***Que implica a baixa por maternidade?***

---

A baixa por maternidade é un período de descanso de que goza a traballadora con motivo da maternidade, adopción ou acollemento previo.

Ten unha duración de 16 semanas, seis obrigatorias para a nai despois do parto e as outras dez que poden ser compartidas co pai. En caso de parto múltiple serían 18 semanas.

---

• ***Canto teño que ter cotizado para cobrar a baixa por maternidade?***

---

O tempo de cotización dependerá da túa idade:

- Menor de 21 anos: non hai período mínimo de cotización
- Entre 21 e 26 anos: 90 días de cotización dentro dos últimos sete anos, ou 180 cotizados en toda a súa vida laboral
- Maiores de 26: 180 días nos sete anos inmediatamente anteriores, ou 360 en toda a súa vida laboral

As traballadoras que non reúnan o período de cotización esixido segundo lles corresponda por idade terán dereito, no caso de parto, a unha prestación económica por maternidade de 42 días.

9. Lei de infraccións e sancións na orde social (LISOS) // Estatuto dos traballadores (ET)

10. Lei de prevención de riscos laborais (LPRL)

---

**• *Teño dereito a horas de lactación cando me incorpore o meu traballo?***

---

A traballadora, por lactación de fillas/os menores de nove meses, terá dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderá dividir en dúas fraccións de media hora ao comezo ou finalización da xornada. Así mesmo, a traballadora poderá substituír ese dereito por unha redución da súa xornada en media hora coa mesma finalidade.

Este permiso poderá ser gozado indistintamente pola nai ou pai se ambos traballan.

---

**• *Podo agrupar as horas de lactación?***

---

Poden acumularse as horas de lactación en xornadas completas, na forma que se acorde na negociación colectiva ou directamente coa empresa.

---

**• *Podería volver ao meu traballo se me despiden por motivos de embarazo, permisos e ausencias xustificadas?***

---

Si, o despedimento que teña disposicións discriminatorias entenderase como nulo e sen efecto e a readmisión ten que ser inmediata (art. 17 e 45 ET)

---

**• *Pódenme despedir se me quedo embarazada?***

---

Non te poden despedir polo mero feito de estar embarazada. Sería un despido nulo.

---

**• *Teño dereito ao permiso e/ou ausencia remunerada por circunstancias persoais ou familiares?***

---

Si, previo aviso e xustificación nos seguintes supostos (art. 37 ET):

- Matrimonio.
- Nacemento de filla/o.
- Falecemento, accidente, enfermidade grave e / ou hospitalización ou intervención cirúrxica de hospitalización, que requira repouso domiciliario, dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- Traslado do domicilio habitual.
- Cumprimento dun deber inescusable de carácter público e universal.

- Funcións sindicais.
- Realización de revisións prenatais e preparación ao parto.
- Risco durante o embarazo, en supostos de parto, adopción ou acollemento e lactación.

---

**• *Teño dereito a suspensión do traballo por circunstancias persoais ou familiares?***

---

Si, previo aviso e xustificación nos seguintes supostos:

- Maternidade, risco durante o embarazo da muller traballadora e adopción e acollemento, preadoptivo ou permanente de menores de 6 anos (art.45 e 48 ET)
- Coidado de familiares (art.46 ET)
- Terán dereito a un período de excedencia de duración non superior a tres anos para atender a fillas/os, tamén en adopción ou acollemento, tanto permanente como preadoptivo, a contar desde a data de nacemento ou, no caso, da resolución xudicial ou administrativa.
- Tamén terán dereito a un período de excedencia, de duración non superior a un ano, salvo que se estableza unha duración maior por negociación colectiva, para o coidado dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poida valerse por si mesma, e non desempeñe actividade retribuída.

## 5. Trámites

Independentemente da situación legal na que se atope a persoa estranxeira, hai unha serie de documentación básica que ten que tramitar á súa chegada ou de forma previa.

### Visados

Os visados solicítanse na Misión Diplomática ou na Oficina Consular Española do país de residencia, antes de vir a España. De xeito excepcional se poderán expedir visados de estadia na fronteira española.

Para solicitalos débese axuntar a seguinte documentación:

Tipo de visado	Documentación
Residencia	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pasaporte.</li> <li>- Certificado de antecedentes penais.</li> <li>- Certificado médico.</li> <li>- Acreditación dos medios económicos.</li> </ul>
Residencia e traballo	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pasaporte.</li> <li>- Certificado de antecedentes penais.</li> <li>- Certificado médico.</li> <li>- Copia da resolución favorable en relación coa solicitude de autorización de traballo que a persoa que fará a contratación presentara en España ante a autoridade laboral competente.</li> </ul>
Estadía (fins de estudo, formación ou Investigación)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pasaporte.</li> <li>- Acreditación de admisión ou preinscrición no centro docente ou científico, público ou privado, oficialmente recoñecido.</li> <li>- Contido do plan de estudos, formación ou investigación.</li> <li>- Seguro médico.</li> <li>- Acreditación de dispoñibilidade económica suficiente para sufragar os custos de estudos e da estadia.</li> <li>- Se son estudantes menores de idade achegarse tamén unha autorización da nai/pai ou titoras/es.</li> <li>- Certificado de antecedentes penais (estudantes ou investigadoras/es maiores de idade penal).</li> </ul>
Residencia por reagrupación familiar	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pasaporte.</li> <li>- Certificado de antecedentes penais.</li> <li>- Copia da autorización de reagrupación.</li> <li>- Acreditación dos vínculos familiares, idade ou, se for o caso, dependencia económica.</li> <li>- Certificado médico.</li> </ul>



## TIE

A tarxeta identidade de estranxeiro/a (TIE) deberá solicitarse dentro do prazo dun mes desde a súa entrada en España.

A persoa estranxeira presentará a solicitude persoalmente na Oficina de Estranxeiría ou, no seu defecto, na Comisaría de Policía máis próxima ao seu domicilio.

Deberá acreditar a súa identidade, o pagamento das taxas fiscais legalmente establecidas e o visado concedido previamente para fins de residencia (ou a súa exención) pola Oficina Consular ou Misión Diplomática Española correspondente ao seu país de residencia.

## NIE

Solicítase en calquera Comisaría de Policía Nacional de Estranxeiría ou nas delegacións ou subdelegacións do Goberno.

## Tarxeta sanitaria

A persoa titular do dereito, ao tempo de solicitar a afiliación e alta ou a solicitude de pensión ou outra prestación periódica da Seguridade Social, pode formalizar o documento de recoñecemento de asistencia sanitaria para os seus beneficiarios/as nas correspondentes oficinas da Seguridade Social.

Co documento de recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria<sup>11</sup>, pode solicitar a tarxeta sanitaria no centro de saúde que lle corresponda ou e na páxina web [www.sergas.es](http://www.sergas.es)

O centro de saúde, tramitará a emisión da tarxeta sanitaria individual para a persoa titular e para cada beneficiaria/o e enviarana ao seu domicilio.

## Autorización de residencia temporal

É necesario solicitar o visado persoalmente na Misión Diplomática ou Oficina Consular Española da súa demarcación de residencia, agás que existan motivos fundados que obstaculicen o desprazamento da persoa solicitante.

Despois de notificar a concesión do visado deberá recollerse persoalmente no prazo dun mes desde a notificación.

11. O Instituto Nacional da Seguridade Social ten a competencia para o recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria.

## Autorización de residencia permanente

Se te atopas en territorio español deberás solicitar, en modelo oficial, a autorización de residencia permanente.

A dita solicitude deberá acompañarse da documentación que acredite a residencia legal previa en España durante cinco anos ou, de ser o caso, que se atopa nalgún dos supostos permitidos para os efectos (artigo 72.3. do RELOEX).

Despois de resolver a concesión da autorización de residencia permanente, deberase solicitar persoalmente a TIE, no prazo dun mes desde a súa notificación.

Se queres solicitar a autorización de residencia permanente, pero non estás en territorio español deberás presentar persoalmente a solicitude na Oficina Diplomática ou Consular do teu lugar de residencia.

## Renovación de autorización de residencia temporal

Para renovar a autorización de residencia temporal deberá solicitarse persoalmente ante o órgano competente para a súa tramitación, durante 60 días naturais previos á data de expiración da vixencia da dita autorización, ou dentro dos tres meses posteriores (con posibilidade neste caso de imposición de multa)

## Renovación de autorización de residencia permanente

En caso de residencia permanente deberá solicitar a renovación da TIE cada cinco anos, durante os sesenta días inmediatamente anteriores á data de expiración da vixencia do documento. Tamén se poderá solicitar dentro dos tres meses posteriores (con posibilidade neste caso de imposición de multa).

Para renovala hai que entregar a anterior TIE e aboar as taxas correspondentes.

Para os trámites referidos anteriormente dirixirse a:

### Oficina de Estranxeiría

Horario: de luns a venres, de 9.00 a 14.00 h.  
Rúa Real, 53  
Tlf. información: 981 989 327,  
Tlf. para solicitar cita previa: 981 989 360 (de 9.00 a 12.00 h.)  
Buses: 1-1A-2-3-5-7-17-23A  
Máis información en: <http://extranjeros.mtin.es/es/index.html>



## Homologación de estudos

### *Como se homologan e validan os títulos estranxeiros de educación superior?*

A homologación dos títulos estranxeiros implica o recoñecemento da equivalencia deste título respecto a un determinado título oficial español vixente e con validez en todo o territorio nacional.

Para homologar títulos de educación superior é necesario presentar o orixinal e a copia do:

- Documento que acredite identidade e nacionalidade.
- Título ou certificación que acredite a súa expedición.
- Certificación académica oficial acreditativa dos estudos realizados na que consten a duración oficial en anos académicos, o plan de estudos seguido, as materias cursadas e as cualificacións e carga horaria de cada unha delas.
- Resgardo do pagamento das taxas.

Para validar estudos estranxeiros de educación superior universitaria, hai que presentar a documentación na universidade española onde se realice a matrícula (no caso de continuación de estudos) ou na alta Inspección de Educación da comunidade autónoma.

### *Como se homologan títulos e se validan estudos estranxeiros non universitarios?*

É necesario presentar o orixinal e a copia de:

Graduado en educación secundaria ou bacharelato:

- Orixinal e fotocopia do documento de identidade e nacionalidade.
- Título ou diploma oficial que se quere homologar.
- Certificación académica dos cursos realizados (polo menos os tres últimos).
- Aboamento das taxas.

Formación profesional:

- Orixinal e fotocopia do documento de identidade e nacionalidade.
- Título ou diploma oficial que se quere homologar.
- Certificación académica dos cursos realizados (polo menos os tres últimos).
- Orixinal e copia dos requisitos académicos previos.
- Plan de estudos.
- Prácticas cursadas ou experiencia laboral.
- Aboamento das taxas.

Os documentos deben estar legalizados e traducidos se algún non está en español.

### ***A onde dirixirse?***

Para homologar as titulacións universitarias podes dirixirte a:

<b>Área de Alta Inspección de Educación</b>
Duran Loriga, 9, 5.º 981 989 552 Buses: 1-1A-23A-17-23A

Para homologar as titulacións non universitarias:

<b>Departamento de Educación e Ordenación Universitaria</b>
Praza Luís Seoane, s/n Edificio de Servizos Múltiples, 1.ª planta 981 184 797 - 981 184 707 Buses: 1 - 4 - 12A - 14

## **Permiso de circulación**

Que permisos de condución son validos en España?

Turistas:

- Permiso de conducir en vigor
- Permiso internacional de conducir emitido no seu país ou tradución do permiso nacional ao castelán. Este requisito non será necesario para os permisos emitidos na Unión Europea.

Residentes en España:

Poderán conducir cos documentos anteriormente descritos, unicamente durante os primeiros seis meses desde a obtención da residencia. Unha vez superado ese prazo soamente poderán conducir cun permiso de conducir español.



### Troco de permisos

Os países cos que existe na actualidade convenio para o troco dos permisos de condución son: Andorra, Arxentina, Bulgaria, Colombia, Corea do Sur, Ecuador, Xapón, Marrocos, Perú, Suíza, Uruguai, Croacia e Arxelia.

Os permisos de Noruega, Islandia e Liechtenstein trámitanse como permisos comunitarios.

Para máis información:

#### **Xefatura Provincial de Tráfico**

Horario de atención ao público:  
de luns a xoves, de 8.30 a 17.00 h  
venres, de 8.30 a 14.00 h (a caixa pecha ás 13.30)  
Doctor Moragas, 10  
Teléfonos: 981 288 377  
Buses: 1A - 2 - 4 - 5 -17

## **Escolarización**

A escolarización de nenas e nenos de 6 a 16 anos é obrigatoria e de balde. Todas as persoas inmigrantes menores de 18 anos, independentemente de que a súa familia estea regularizada ou non, tedes dereito ao acceso á educación obrigatoria: educación primaria e educación secundaria obrigatoria (ESO).

Ademais, convén que as fillas e os fillos de 3 a 5 anos se inscriban nun centro de educación infantil. Pódese solicitar praza de balde nos centros públicos e concertados.

Os centros educativos, habitualmente establecen un período de preinscrición e matriculación entre os meses de marzo e abril, no caso da educación primaria e da ESO. Para facer efectiva a preinscrición debemos pedir o impreso e entregalo cuberto no centro educativo escollido en primeiro lugar. Independentemente destes prazos, pódese facer a solicitude de matriculación, en calquera momento do curso, e débese facer no momento de chegada da/o menor a España.

#### **Documentación que precisa para a matriculación:**

DNI, NIE ou pasaporte da/o menor  
Empadramento  
Libro de familia

Durante a escolarización, existen diferentes programas de axudas e bolsas, que teñen en conta a situación económica do alumnado, e que cobren gastos como a matrícula, os libros de texto, o transporte escolar e o comedor. Na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no centro cívico municipal correspondente ou no propio centro educativo podes informarte destas axudas e bolsas escolares.

## Trámites bancarios

Calquera persoa pode enviar remesas por medio de xiros postais ou de entidades habilitadas para tal efecto, pero tamén se pode facer a través de transferencias e outros procedementos bancarios. Para isto precísase ter unha conta, ademais, pode empregarse para domiciliar pagos (alugueiro, auga, luz, gas...).

No municipio existen moitas oficinas bancarias, nas que facilitan toda a información precisa para estes trámites.

## Certificado de discapacidade

É un documento oficial, expedido pola Administración pública, Xunta de Galicia, mediante o cal se acredita a condición (temporal ou definitiva) da minusvalidez, e lles dá dereito ás persoas con discapacidade para acceder aos beneficios sociais e económicos específicos relativos aos programas e servizos de saúde, educación, emprego, participación na comunidade, lecer, adaptación e adquisición da vivenda, transporte, prestacións económicas, apoios persoais e reducións de impostos, entre outros.

A solicitude pódese presentar en:

### **Equipo de Valoración e Orientación de Discapacidades (EVO)**

Horario de atención ao público:  
de luns a venres de 9.00 a 14.00 h.  
Praza Luís Seoane, s/n  
Edificio de Servizos Múltiples, planta baixa  
Tlf.: 981 182 501  
Buses: 1 - 4 - 12A - 14

A documentación que hai que presentar é a seguinte:

- Fotocopia do DNI da persoa interesada e representante legal (na súa falta fotocopia do libro de familia).
- Fotocopia dos informes médicos, psicolóxicos e sociais que se teñan.
- No caso de ter recoñecida a invalidez, a través da Seguridade Social, achegar a fotocopia da Resolución da Comisión de Avaliación de Incapacidades.

Podes solicitar información sobre axudas á dependencia na:

**Oficina Municipal de Atención á Dependencia**

Horario de atención ao público:  
de luns a venres de 9.00 a 14.00 h  
Doctor Enrique Hervada, 4, baixo. Tlf.: 981 189 871  
Buses: 4- 12- 21- 22- 23

## Outros trámites

- Os matrimonios civís celébranse no concello e no xulgado. En calquera dos casos, o expediente tramítanse no Rexistro Civil.
- Tamén se tramitan no Rexistro Civil os nacementos e as defuncións.

**Rexistro Civil**

Horario de atención ao público:  
de luns a venres de 9.00 a 18.00 h  
sábado de 10.00 h a 13.00 h  
(de 14.00 h a 18.00 h e sábados só recollida e entrega de solicitudes)  
Emilia Pardo Bazán, 24. Tlf.: 981 185 159  
Buses: 4-11-21-22-23-E

Para o trámite da repatriación dunha persoa defunta ao país de orixe debe iniciarse o expediente no Consulado correspondente.

## Separacións/Divorcios

Nos casos de separacións e divorcios é necesario conseguir un avogado/a, que pode ser de oficio, é dicir, asistencia xurídica gratuíta, en función dos teus ingresos económicos:

**Servizo de Orientación Xurídica do Ilustre Colexio Provincial de Avogados da Coruña**

Horario de atención ao público:  
luns a xoves de 10.00 a 13.00 h  
Monforte, s/n. Edificio dos Xulgados, 4.ª planta  
Buses: 4-5-12-12A-14-20-24-E

Requisitos básicos para o ano 2010. Ingresos anuais máximos:

- ano 14.762,66 ¢
- 12 pagas 1.230,22 ¢
- 14 pagas 1.054,48 ¢

Todos estes trámites deberan ser comunicados ao Consulado do seu país de nacionalidade.

## 6. Recursos

O Concello da Coruña ofrece a posibilidade de solicitar información (sobre diversos aspectos transporte, ocio, enderezos...), realizar queixas, suxestións, solicitar documentación municipal ou realizar xestións ou pagos sen necesidade de acudir persoalmente ás oficinas municipais. As formas de acceso son:

- O teléfono de información **010**
- A xanela On-line: [www.coruna.es](http://www.coruna.es)

### Transporte

Unha das formas para desprazarse dentro da cidade da Coruña é utilizando o servizo de autobuses urbanos en que o billete é válido para un só traxecto.

Pódese solicitar unha tarxeta moedeiro na oficina de Rexistro do Concello da Coruña e nas oficinas do servizo de transporte da estación de autobuses que deberá cargarse cunha cantidade mínima establecida para comezar a funcionar.

Ademais, existen diferentes tipos de descontos:

- Desempregada/o: 0.26 Euros
- Xubilada/pensionista: 0.26 Euros
- Persoa con discapacidade: 0.26 Euros

Para máis información:

#### **Oficina Municipal de Transportes**

Horario de atención ao público:  
de luns a venres de 9.00 a 14.00 h  
Estación de Autobuses: Rúa dos Alcabaleiros, 21  
981 184 200, ext.: 54032  
Buses: 4-6-A-7-11-17  
[www.tranviascoruna.com](http://www.tranviascoruna.com)

Outras formas de transporte:

Tele Taxi	981 287 777
Radio Taxi	981 243 333
Estación de Ferrocarril San Cristovo	981 240 202
Aeroporto de Alvedro	981 187 200
Bicicoruna	900 814 440

## Saúde

O Servizo Galego de Saúde, SERGAS, pon a disposición da cidadanía unha rede pública formada por Centros de Atención Primaria (CAP) e por hospitais.

En función do domicilio, corresponderache un Centro da Atención Primaria, que é o lugar ao que debes acudir cando teñas calquera problema de saúde.

### **CENTRO DE ATENCIÓN PRIMARIA ABENTE Y LAGO**

Sir John Moore, 1  
Tlf.: 981 202 012// 981 202 550  
Buses: 1 – 3 – 5 – 7 – 17

### **CENTRO DE AT. PRIMARIA OS MALLOS**

Avda. de Arteixo, 96  
Tlf.: 981 244 311// 981 244 511//  
981 247 222  
Buses: 11

### **CENTRO DE AT. PRIMARIA DE DURMIDEIRAS**

Juan Sebastián Elcano, 15  
Tlf.: 981 212 299// 981 212 382  
Buses: 3 – 3A – 5

### **CENTRO DE AT. PRIMARIA MATOGRANDE**

Luis Quintas Goyanes, s/n  
Tlf.: 981 299 199// 981 299 899//  
981 299 914  
Buses: 1 – 4 – 12A

### **CENTRO DE AT. PRIMARIA CASA DO MAR**

Avenida do Exército, 2  
Tlf.: 981 170 358// 981 170 360// 981 170 361  
Buses: 1- 17 – 21- 23 – 23A

### **CENTRO DE AT. PRIMARIA OS ROSALES**

Afonso Rodríguez Castelao, s/n  
Tlf.: 981 647 712  
Buses: 3 – 3A – 12 – 14

### **CENTRO DE AT. PRIMARIA CASTRILLÓN**

Xeneral Salcedo Molinuevo, 3  
Tlf.: 981 131 013// 981 131 023 // 981 132 800  
Buses: 1 – 12 A – 14

### **CENTRO DE AT. PRIMARIA TORRE**

Orillamar, s/n  
Tlf.: 981 212 355  
Buses: 3 – 4 – 5 – 6 – 6A -7 -11 – 17

**CENTRO DE AT. PRIMARIA ELVIÑA-MESOIRO**

Alexander Von Humboldt, s/n  
Tlf.: 981 24177// 981 247 335  
Buses: 21 -23 – 23 A

**CENTRO DE AT. PRIMARIA LABAÑOU**

Rúa posterior a Honduras, s/n  
Tlf.: 981 274 500 // 981 274 656  
Buses: 3 – 3A -12 – 14

**CENTRO DE AT. PRIMARIA FEDERICO TAPIA**

Federico Tapia, 73  
Tlf.: 981 299 080 // 981 249 086  
Buses: 4 – 11- 21- 22 – 23- 24 – E

**CENTRO DE ESPECIALIDADES VENTORRILLO**

Avda. de Fisterra, 316  
Tlf.: 981 142 850  
Buses: 6 – 6A -7

**COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA  
(antigo Juan Canalejo)**

As Xubias, 84  
Tlf.: 981 178 000  
Buses: 12 – 12A – 17 – 20 – 22

**HOSPITAL MARÍTIMO DE OZA**

Xubias de Arriba, 1  
Tlf.: 981 178 000  
Buses: 17

**HOSPITAL MATERNO INFANTIL TERESA HERRERA**

Xubias de Arriba, s/n  
Tlf.: 981 178 000  
Buses: 20 – 22

Ademais, a través da páxina web [www.sergas.es](http://www.sergas.es) poderás solicitar cita para os diferentes centros de atención primaria, así como consultar e cancelar as túas próximas citas.

En caso de urxencia sanitaria, debes dirixirte ao teu centro de saúde, ou ao centro de urxencia asinado ao teu domicilio, sé se produce despois das 8 da tarde. Tamén podes chamar ao 061.

O municipio conta ademais cun Centro Municipal de Planeamento Familiar, onde atoparás atención xinecolóxica e información e asesoramento sobre sexualidade, anticoncepción, anticoncepción poscoital, interrupción voluntaria da xestación e revisión posterior, prevención das enfermidades de transmisión sexual, esterilidade, dúbidas e problemas sexuais de parella etc.

Outras actividades que ofrece son:

- Atención telefónica 981 184 205.
- Tarde Xove, menores de 20 anos. Horario: xoves a partir das 5 da tarde.
- Charlas informativas.
- Atención especial a mulleres con prácticas sexuais de risco para a saúde.

### Centro Municipal de Planeamento Familiar

Horario de atención ao público:  
luns, martes, mércores e venres de 9.00 a 14.00 horas  
xoves de 11.30 a 14.00 horas  
Tui, 19  
Teléfonos: 981 184 307 // 981 184 205  
Buses: 3 – 4 – 5 – 6 – 6A -7 -11 – 17

## Servizos municipais

### Centro de Información ás Mulleres (CIM)

A finalidade que orienta o funcionamento do CIM A Coruña é contribuír a remover os obstáculos que impidan unha igualdade real ou efectiva entre as mulleres e os homes en distintos eidos. Co obxecto de facilitar a súa organización e comprensión, aparecen clasificados conforme aos programas nos que se enmarcan.

- Programa de información e asesoramento xurídico.
- Programa de información e asesoramento psicolóxico.
- Programa de loita contra a discriminación, fomento da participación e construción de relacións de igualdade.
  - **Programa ADA INTEGRÁ: servizo intercultural para a igualdade de xénero na sociedade da información dirixido a mulleres, priorizando, as migrantes.**
  - Proxecto europeo URBANA- C. Plan de emprego e participación das mulleres.
  - Intermediación laboral.
  - Campañas de difusión e sensibilización cidadá.
  - Programa de educación para a igualdade de xénero (publicado na guía educativa do Concello da Coruña aprender en Coruña).
  - Construción da igualdade e visibilidade do papel das mulleres en diferentes eidos.
- Programa de conciliación e corresponsabilidade.
  - Plan de conciliación municipal
  - Servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.
  - Banco do tempo e Plan de programación do tempo da cidade da Coruña.
- Programa de investigación, planificación e avaliación das políticas de xénero.

A forma de acceso ao CIM realízase, con carácter xeral, a través de cita previa, ben por:

- Derivación realizada por un/unha profesional, especialmente procedente do ámbito social.
- Acceso directo e petición por parte da propia interesada (modo presencial e/ou telefónico).
- Mulleres que acoden ao CIM por recomendación da policía, xulgado, quenda de oficio e derivacións do 016.

### **Centro de Información ás mulleres (CIM)**

Horario de atención ao público:  
 de luns a venres de 8.00 h a 14.45 h  
 de luns a xoves de 16.30 h a 19.00 h  
 Durante o período estival (do 15 de xuño ao 15 de setembro)  
 o centro está pechado pola tarde.  
 Barrio das Flores, Hortensias, s/n  
 Teléfono: 981 184 356 Fax: 981 184 357  
 cim@coruna.es  
 Buses: 1-1A- 4- 12A-14

### **Unidade de Asesoramento de Migracións (UAMI)**

A Unidade de Asesoramento de Migracións (UAMI) é un servizo municipal que desenvolve un programa integral de atención, orientación e asesoramento á poboación inmigrante e emigrante retornada, en que ofrecen:

- Información sobre a Lei de estranxeira e normativa.
- Asesoramento na tramitación de permisos de residencia e traballo, reagrupación familiar, continxentes, visados, nacionalidade, alegacións etc.
- Orientación, asesoramento e tramitación de recursos sociais.
- Apoio e asesoramento xurídico e legal.
- Formación.
- Club de emprego: ferramentas e axuda para realizar una busca activa de emprego.
- Aula intercultural dirixida ao alumnado estranxeiro de 3 a 16 anos para mellorar o rendemento escolar e aprendizaxe da lingua.
- Elaboración/emisión de informes de inserción social e vivenda, necesarios para solicitar autorizacións de residencia por arraigamento e reagrupación familiar.



A UAMI está dirixida a:

- Persoas, familias ou grupos de inmigrantes o emigrantes retornadas/os que residen na cidade.
- Profesionais de entidades, servizos e programas de servizos sociais e emprego.
- Institucións e centros dependentes das distintas administracións públicas.
- Asociacións de inmigrantes, ONG e outras entidades de carácter social.
- Empresas que demanden información.

Necesitase cita previa.

<b>Unidade de Asesoramento ás Migracións (UAMI)</b>
Horario de atención ao público: Inverno (16 setembro-14 xuño): de luns a venres de 8.00 a 14.00 h Verán (15 xuño-15 setembro): de luns a venres de 8.00 a 13.30 h Club de emprego: martes e xoves de 9.30 a 13.30 horas
Praza da Nosa Señora 1, 1.º, 15007 A Coruña Teléfonos: 981 184 377 e 981 189 867 uami@coruna.es Buses: 6 - 6A - 12A -14 - 20 - 22

## Servizos Sociais

Os Servizos Sociais municipais contan con profesionais que desenvolven e executan programas dirixidos prioritariamente ás persoas ou colectivos que sofren situacións de discriminación ou algún tipo de déficit socioeconómico.

Programas:

- Servizo de información, valoración e orientación. Require cita previa
- Programa de atención á dependencia e autonomía persoal
- Programa actividades socioculturais de prevención e cooperación social
- Servizo de urxencias sociais (SEMUS)
- Programa de infancia e familia
- Programa de inserción social
- Programa de prevención de drogodependencias
- Comedor (CC. Mpal. de Monte Alto)

Os centros cívicos municipais son centros abertos á cidadanía onde se desenvolven algúns destes programas e é posible realizar un gran número de actividades.

#### **CENTRO CÍVICO MUNICIPAL DE ELVIÑA**

Praza de Esteban Lareo, s/n, b.  
15008 A Coruña  
Tíf.: 981 184 358 / Fax: 981 184 359  
ccelviña@coruna.es  
Buses: 5 -12A - 21- 22 - 23 - 23A

#### **CENTRO CÍVICO MUNICIPAL DE MONELOS**

Avda. de Monelos, 2 A  
15008 A Coruña  
Tíf.: 981 189 817 / Fax: 981 189 818  
ccmonelos@coruna.es  
Buses: 1 - 4 - 12A - 14

#### **CENTRO CÍVICO MUNICIPAL DE LABAÑO**

Perpendicular a r/ Colombia, s/n, b.  
15011 A Coruña  
Tíf.: 981 184 360 e 981 184 361  
cclabanou@coruna.es  
Buses: 3A - 12 - 12A - 14

#### **CENTRO CÍVICO MUNICIPAL DE MONTE ALTO**

Praza dos avós, s/n  
15002 A Coruña  
Tíf.: 981 184 372 (tarde) - 981 184 373 (mañá)  
ccmontealto@coruna.es  
Buses: 4 - 6 - 6A - 7 - 11 - 17

#### **CENTRO CÍVICO MUNICIPAL DO CASTRILLÓN**

Praza de Pablo Iglesias, s/n  
15009 A Coruña  
Tíf.: 981 184 354 e 981 184 355  
cccastrillon@coruna.es  
Buses: 14 - 12A

#### **CENTRO CÍVICO MUNICIPAL DE SAN DIEGO**

Parque de San Diego, s/n  
15006 A Coruña  
Tíf.: 981 184 368 / Fax: 981 184 369  
ccsandiego@coruna.es  
Buses: 2

#### **CENTRO CÍVICO MUNICIPAL DOS MALLOS**

Avda. de Arteixo, 147, b.  
15007 A Coruña  
Tíf.: 981 184 364 / Fax: 981 184 365  
ccmallos@coruna.es  
Buses: 11

#### **CENTRO CÍVICO MUNICIPAL DE PALAVEA**

Lugar de Palavea, s/n  
15009 A Coruña  
Tíf.: 981 184 362 / Fax: 981 184 363  
ccpalavea@coruna.es  
Buses: 1A - 20

#### **CENTRO CÍVICO MUNICIPAL EIRÍS**

Terranova de Eirís, 7  
15009 A Coruña  
Tíf.: 636 576 043  
Buses: 1A

#### **CENTRO CÍVICO MUNICIPAL DE NOVO MESOIRO**

Os Ancares, s/n  
15190 A Coruña  
Tíf.: 981 184 200, exts. 88308, 88315  
Buses: 21

#### **CENTRO CÍVICO MUNICIPAL DOS ROSALES**

Praza Elíptica, 1  
15011 A Coruña  
Tíf.: 981 184 350 / Fax: 981 184 351  
ccrosales@coruna.es  
Buses: 3 - 3A - 12 - 14

#### **CENTRO CÍVICO MUNICIPAL DE ARTESÁNS**

Santo Andrés, 36 , 2.º  
15003 A Coruña  
Tíf.: 981 184 366  
Fax: 981 184 367  
Buses: 4 - 5 - 6 - 6A - 7 - 11

<p><b>C.C. VECIÑAL CASTRO DE ELVIÑA</b> O Catecismo (ao lado de ASPANAES), 5. 15008 A Coruña Tlf.: 981 184 362 Buses: 14 - 12A</p>	<p><b>CENTRO CÍVICO VECIÑAL DE PESCADORES</b> Cangas do Morrazo 18, b. 15011 A Coruña Tlf.: 881 919 068 / Fax: 981 267 222 Buses: 7 - 12A - 14</p>
<p><b>CENTRO CÍVICO VECIÑAL SAGRADA FAMILIA</b> Praza da Nosa Señora, s/n 15007 A Coruña Tlf.: 981 189 867 Fax: 981 184 377 Buses: 6 - 6A - 12A -14 - 20 - 22</p>	<p><b>CENTRO CÍVICO VECIÑAL DE SAN PEDRO DE VISMA</b> Lugar de San Pedro de Visma (en fronte da igrexa) s/n 15011 A Coruña Tlf.: / Fax: 981 272 425 Buses: 3 - 3A</p>
<p><b>CENTRO CÍVICO VECIÑAL DE FEÁNS</b> Lugar de Feáns 9, Bloque A 15190 A Coruña Tlf.: / Fax: 981 189 833 Buses: 23 - 23A</p>	<p><b>CENTRO CÍVICO VECIÑAL DE SANTA LUCÍA</b> Avda. de Fernández Latorre, 38, b. 15006 A Coruña Tlf.: 981 239 180 Buses: 1 - 1A - 2 - 4 - 5 - 17</p>

## Asociacións, ONG e outras entidades

Na cidade da Coruña e nos municipios limítrofes, existen numerosas asociacións e ONG, que de forma gratuíta, poñen en marcha programas e servizos destinados ás persoas migrantes.

Para poder coñecelas, a continuación presentámosche unha listaxe de entidades cos principais servizos que che poden ofrecer:

Nome da entidade	Enderezo	Teléfono	Mail	Programa que ofrece
ACCEM	Pza. José Toubes Pego 1-1.º	981.168.897	acoruna.social@accem.es	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Axudas de emerxencia.</li> <li>• Asistencia legal e social</li> <li>• Inserción social refuxiadas e inmigrantes</li> <li>• Retorno voluntario</li> </ul>
ACSUR	Barcelona, 37, 1.ªA	981.912.667	galiza@acsur.org	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación de redes</li> <li>• Sensibilización</li> <li>• Educación</li> </ul>

Nome da entidade	Enderezo	Teléfono	Mail	Programa que ofrece
AMESPA	Ramón Cabanillas, 2, entr. A	881.916.746 669.305.907	amespamigos@hotmail.com miripheng@yahoo.es	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recollida e distribución de alimentos</li> <li>• Recollida de roupa e outros</li> <li>• Cursos de formación</li> <li>• Festival folclórico</li> <li>• Xornadas de sensibilización</li> <li>• Actividades culturais e de ocio</li> </ul>
ASESER-TERANGA	Rúa Jorge Borrow, 5 baixo	981.016.283 699.815.455	aseserteranga@yahoo.es	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cursos de formación</li> <li>• Bolsa de emprego</li> <li>• Cursos de español e galego</li> <li>• Formación teórica para o carné de conducir</li> <li>• Orientación sobre permisos</li> <li>• Campañas de sensibilización</li> <li>• Equipo de fútbol</li> </ul>
CÁRITAS	Departamento de Inmigración e Cooperación: Reis Magos, 8 Atención Primaria: Sarxento Provisional, 37 Centro de Formación Violetas: Violetas, 36 Roupeiro: Reyes Magos, 4-6 Almacén de mobles: Cardenal Cisneros, 63 baixo	981.235.789  981.150.507  981.287.990  981.241.419  981.248.703	caritascoruna@terra.es	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Atención primaria</li> <li>• Departamento de Inmigración e Cooperación:</li> <li>• Vivenda para inmigrantes</li> <li>• Centro atención fogar</li> <li>• Cursos de cociña española</li> <li>• Bolsa de emprego</li> <li>• Orientación laboral</li> <li>• Centro de formación Violetas:</li> <li>• Cursos de formación</li> <li>• Orientación laboral</li> <li>• Roupeiro</li> <li>• Almacén de mobles</li> </ul>
CASA DE LA DIÁSPORA	Rolda Outeiro, 280, 2.º B	650.122.611 605.520.642 605.616.664	casadeladiaspora@hotmail.es	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acompañamento na xestión de trámites e documentación</li> <li>• Axudas directas</li> </ul>

Nome da entidade	Enderezo	Teléfono	Mail	Programa que ofrece
CRUZVERMELLA	Curros Enríquez, 1	981.221.000	mamica@cuzroja.es maposo@cuzroja.es	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apoio escolar</li> <li>• Cursos de español</li> <li>• Asesoramento para a busca de emprego</li> <li>• Cursos de percusión</li> <li>• Cursos de peiteados africanos</li> <li>• Cursos de cociña africana-española</li> <li>• Roupeiro</li> <li>• Programa para inmigrantes</li> <li>• Curso de autoestima</li> <li>• Aula de internet</li> <li>• Busca activa de emprego</li> <li>• Cursos de español</li> <li>• Alfabetización de adultas</li> <li>• Festa mensual</li> <li>• Apoio escolar</li> <li>• Programa interlabora</li> </ul>
ECODESARROLLO GAIA	Antonio Pereira, 5, baixo	881.898.861 629.817.581	edg@edgaia.org	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Programas de reinserción laboral de mariñeiros subsaharianos.</li> <li>• Bolsa de emprego</li> <li>• Asesoría xurídica.</li> <li>• Asistencia sociosanitaria.</li> <li>• Cursos de español</li> <li>• Cursos de informática</li> <li>• Apoio á integración escolar</li> <li>• Voluntariado</li> <li>• Programas de apoio a persoas refuxiadas</li> </ul>
ECOS DO SUR	Ángel Senra, 25, 1.º	981.150.118	ong@ecosdosur.org	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asesoría xurídica</li> <li>• Atención sociosanitaria</li> <li>• Axuda de emerxencia</li> <li>• Campañas de sensibilización</li> <li>• Voluntariado</li> </ul>

Nome da entidade	Enderezo	Teléfono	Mail	Programa que ofrece
EQUUS ZEBRA	Antonio Pedreira Ríos, 24 Economato alimentos: Cardeal Cisneros, 70 Almacén de mobles: Agra de Bragua, 10	881.898.930	info@equuszebra.es	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cursos de español</li> <li>• Cursos de galego</li> <li>• Cursos de informática</li> <li>• Economato de alimentos</li> <li>• Recollida a domicilio de mobles, electrodomésticos, roupa e aparellos</li> <li>• Almacén de mobles</li> <li>• Asesoramento xurídico</li> <li>• Asesoramento psicolóxico</li> <li>• Cursos de español</li> <li>• Cursos de galego</li> <li>• Cursos de inglés</li> <li>• Curso de informática</li> <li>• Aula- ciber</li> <li>• Apoio escolar a menores</li> </ul>
FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	Pza. María Auxiliadora, 7 (esquina rúa Don Bosco)	981.102.978 677.165.787	terangacoruna@fundacionjuans.org	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Programa Teranga: atención a inmigrantes</li> <li>• Asesoramento e orientación socio-laboral</li> <li>• Lugar de encontro e acollida</li> <li>• Formación</li> <li>• Bolsa de emprego</li> <li>• Asesoría xurídica</li> </ul>
META (Retorno e inmigra)	Miguel Servet, 12, baixo	881.994.696 698.173.784	gandosemigra@hotmail.com	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asesoramento legal e social</li> <li>• Actividades infantís</li> <li>• Memoria histórica</li> </ul>
ASOC. URUGUAYOS 25 DE AGOSTO	Praza do Comercio, 2, 1.º D	665.939.348	rodela25deagosto@yahoo.es	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Biblioteca e ciber.</li> <li>• Oficina consular</li> <li>• Espazo infantil Guriseando</li> <li>• Grupo de danza folclórica</li> </ul>

Nome da entidade	Enderezo	Teléfono	Mail	Programa que ofrece
VIRAVENTOS	Barcelona, 37, 1.º A	881.889.460	info@viraventos.org	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Información e orientación laboral.</li> <li>• Cursos de alfabetización</li> <li>• Cursos de español</li> <li>• Cursos de galego</li> <li>• Cursos de inglés</li> <li>• Cursos de francés</li> <li>• Curso de informática</li> <li>• Apoio escolar a menores</li> <li>• Curso de acceso a ESO</li> <li>• Curso de educación para a saúde</li> <li>• Orientación recursos formativos oficiais</li> <li>• Programa de bolsas para a formación de inmigrantes.</li> </ul>
TURPIAL ASOCIACIÓN DE VENEZOLANAS/OS	Perú, 27, 6.º	981.922.542	venencor.venencor@gmail.com	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades sociais e deportivas</li> <li>• Xornadas gastronómicas</li> <li>• Cursos, charlas, exposicións e obradoiros</li> <li>• Feira da Arepa</li> </ul>

## Vivenda

Atopar unha vivenda é unha tarefa que pode requirir tempo. Os réximes de aloxamento máis habituais son:

- alugamento
- propiedade

### Plans e programas de vivenda:

#### *Plan de vivenda 2009-2012*

- axudas á compra de vivenda (protexida e/ou libre)
- promoción de vivendas protexidas
- axudas ao alugueiro
- axudas á rehabilitación

### *Rexistro Único de Persoas Demandantes de Vivenda Protexida*

Deben inscribirse as persoas ou unidades familiares/convivenciais que desexen optar a unha vivenda de protección autonómica ou de promoción pública, en réxime de compra ou de alugueiro, así como as que desexen optar a aloxamentos protexidos.

<b>Contacto</b>
Tfno.: 981 184 818

**Programa Aluga.** Vivendas de aluguer durante períodos dun ano, prorrogados a cinco anos consecutivos.

Para acceder aos beneficios do Programa Aluga débense cumprir, entre outros, os seguintes requisitos:

- Ingresos anuais ponderados entre 0,7 e 3,5 veces o IPREM. O límite mínimo de ingresos (0,7 veces o IPREM) non será preciso acreditarlo no caso de colectivos cualificados, que se definen máis adiante.
- Estar inscrita no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda.
- Non ser titular de pleno dominio ou dun dereito real de uso ou goce sobre algunha vivenda.
- Estar ao corrente na súas obrigas tributarias.
- Residir ou desenvolver a súa actividade laboral nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non estar recibindo axudas para o alugueiro da Xunta de Galicia.

No proceso de selección de inquilinos/as terán preferencia:

- Colectivos prioritarios:

- Menores de 35 anos e maiores de 65.
- Familias numerosas.
- Familias monoparentais con fillas/os.
- Persoas separadas ou divorciadas, ao corrente no pagamento de pensións alimenticias e compensatorias, no seu caso.
- Os considerados "colectivos cualificados".

- Colectivos cualificados (casos especiais):

- Mulleres vítimas de violencia de xénero.



- Persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida, e as familias que as teñan ao seu cargo.
- Emigrantes retornados, nos dous anos anteriores a presentación da solicitude.
- Perceptores da Renda de Integración Social (RISGA).
- Perceptores de pensións.

A porcentaxe de subvención do alugamento vai desde o 30% ata o 70% da renda mensual de alugamento.

#### **Contacto**

Tfno.: 881 881 257 // 881 881 258 // 881 881 259

#### ***Bono-vivenda***

Liña que ten como finalidade conceder unha axuda a alumnado de formación profesional para financiar os gastos do alugamento dunha vivenda.

Persoas beneficiarias: estudantes de ciclos formativos (medio e/ou superior) en centros públicos situados a máis de 50 quilómetros do domicilio habitual.

#### ***Renda básica de emancipación*** ou axuda para o alugamento

A renda básica de emancipación está dirixida a mozos e mozas de entre 22 e 30 anos, titulares dun contrato de arrendamento da vivenda na que residen e que contén cunha fonte regular de ingresos inferiores aos 22.000 euros brutos anuais.

Pode incluír un préstamo de ata 600 euros para a fianza e 120 euros para custear un aval.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo é o encargado de tramitar as solicitudes.

#### **Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)**

Horario de atención ao público:  
de luns a venres de 9.00 a 14.00 h  
Praza Luís Seoane s/n  
Edificio de Servizos Múltiples, 9.ª planta  
Tif.: 981 184 800 e 981 184 801  
Buses: 1 - 4 - 12A - 14

## Educación/Formación

O noso sistema educativo é competencia da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación universitaria.

Tipos de ensinanza dentro do Sistema educativo español:

NOME	IDADE	OBRIGATORIA	DE BALDE
Educación preescolar	0-3 anos	NON	NON
Educación infantil	3-6 anos	NON	NON
Educación primaria	6-12 anos	SI	SI
Educación secundaria (ESO)	12-16 anos	SI	SI
Bacharelato	16-18 anos	NON	SI
Formación profesional de grado medio e superior	< 16 anos	NON	SI
Programas de garantía social	< 16 anos	NON	SI
Formación ocupacional	16-65 anos	NON	SI
Estudios universitarios	< 18 anos	NON	NON
Ensinanzas de réxime especial: artísticas, idiomas e deportivas	16-65 anos	NON	NON

### Bacharelato

Para poder acceder aos estudos de bacharelato é necesario ter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO), ou o título de técnica, tras cursar un ciclo de formación profesional de grao medio (CM).

O bacharelato comprende dous cursos académicos que poden ser cursados polo réxime ordinario ou polo réxime de ensinanza de persoas adultas nas modalidades: presencial, semipresencial ou a distancia.

O bacharelato estrutúrase en:

- artes (dúas vías: artes plásticas, deseño e imaxe e artes escénicas, música e danza)
- ciencias e tecnoloxía
- humanidades e ciencias sociais

O título de bacharelato facultará para acceder ás distintas ensinanzas que constitúen a educación superior: o ensino universitario, as ensinanzas artísticas superiores, a formación profesional de grao superior, as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior e as ensinanzas deportivas de grao superior.

## Formación profesional de grao medio e superior

A formación profesional comprende un conxunto de ciclos formativos de grao medio ou de grao superior.

As condicións para acceder á formación profesional son as seguintes:

TIPOS DE ACCESO	DIRECTO	PROBA ACCESO
Grao medio	ter o título da ESO (ou equivalente)	- non ter a ESO - idade mínima 17 anos
Grao superior	Ter o título de bacharelato (ou equivalente)	- non ter o bacharelato - idade mínima 19 anos - 18 se ten C.M. relacionado

Tanto os de grao medio como os de grao superior inclúen un módulo de formación práctica en centros de traballo, que pode durar entre 3 e 6 meses.

Cando conclúas un ciclo formativo podes obter estes títulos:

- Técnica da correspondente profesión, en caso de superar todos os módulos que integran o ciclo formativo de grao medio. No mundo laboral, acredítate unha cualificación de nivel 2 dentro da Unión Europea.
- Técnica superior da correspondente profesión, se os módulos que superaches integran un ciclo formativo de grao superior. A cualificación que te acredita no mundo laboral é a de nivel 3 dentro da Unión Europea.

## Programas de Cualificación profesional inicial (PCPI)

Para poder acceder a estes programas as persoas que teñan entre 16 e 19 anos cumpridos dentro do ano de inicio do programa, que non obtivesen o título de graduado en ESO e non cursasen con anterioridade outro PCPI.

Estes programas facilitan a inserción laboral nunha actividade profesional de maneira cualificada, así como:

Conseguir competencias profesionais propias dunha cualificación profesional de nivel 1 da estrutura do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Ampliar as competencias básicas para proseguir estudos nas diferentes ensinanzas por medio da superación da proba de acceso a ciclos de grao medio, ou coa obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, para a persoa que curse os módulos que conducen á súa obtención.

## Educación de persoas adultas

A educación de persoas adultas ofrécelles ás persoas maiores de 18 anos a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Estes estudos pódense realizar tanto por medio de actividades de ensino, regrado ou non regrado, como a través da experiencia laboral ou en actividades sociais.

Oferta formativa:

**Ensinanzas básicas:** modalidade presencial

**Bacharelato:** modalidade presencial, a distancia semipresencial, a distancia con titorías telemáticas.

**Ciclos formativos de formación profesional para persoas adultas:** estas ensinanzas pódense cursar por ciclo completo ou de forma parcial por módulos.

**Formación profesional continua:** formación non regrada dirixida ás persoas que están exercendo unha actividade laboral (traballadores ocupados).

**Formación profesional ocupacional:** trátase de formación non regrada dirixida principalmente a desempregados, creada para a reinserción laboral.

**Ensinanzas secundarias:** modalidade presencial e a distancia. Conducentes ao título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO)

**Probas libres para obter títulos de formación profesional:** convócanse publicamente a través do DOG.

**Acreditación de competencias:** A finalidade consiste en recoñecer e avaliar as competencias profesionais adquiridas polas persoas no desenvolvemento do seu traballo ou por outras vías non formais de formación, mediante procedementos que garantan a fiabilidade, a obxectividade e o rigor técnico da avaliación, así como acreditar as competencias profesionais adquiridas polas persoas traballadoras e contribuír así á capitalización dos seus saberes e ao fomento da súa aprendizaxe ao longo da vida.

**Aula Mentor:** formación aberta, libre e a distancia a través de internet, promovida polo Ministerio de Educación e a Consellería de Educación. Ofrece un gran número de cursos de temática variada: informática, administración, saúde, medios audiovisuais etc.

Praza Nosa Señora, s/n  
Tel: 981 249 010  
Horario: martes: 09.30 –11.00 h  
venres: 09.30 –11.00 h  
aacm0001@sauce.pntic.mec.es

**Probas libres para obter o título de Graduado en Educación Secundaria (ESO):**

convócanse publicamente a través do DOG. As datas de realización, de matriculación e os lugares onde se realizan os exames aparecen detallados na resolución, normalmente no mes de maio. As probas realízanse normalmente na primeira quincena de xuño e setembro.

Os lugares de exame, as datas de realización etc fanse públicos con certa antelación nos taboleiros de anuncios das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Para máis información:  
seaxe.ceoug@xunta.es

Para acceder ao procedemento de recoñecemento, avaliación e acreditación da competencia profesional, as candidatas deberán cumprir os requisitos xerais seguintes:

- Ter cumpridos 21 anos ou cumprilos no ano natural en que se produza a convocatoria para acceder á acreditación das unidades de competencia dos títulos de grao superior, e 19 anos para acceder ás unidades de competencia dos ciclos de grao medio.
- Acreditar unha experiencia laboral efectiva de polo menos tres anos completos nos últimos 15 anos de traballo, relacionada co sector produtivo do ciclo formativo a que pertenza a unidade de competencia solicitada da cal se pretenda o recoñecemento.
- Non estar matriculado ou matriculada nas ensinanzas de réxime ordinario conducentes ao mesmo título ou, cando se tratar de formación modular, no módulo correspondente a esa unidade de competencia.

**Inscrición e matrícula:** A solicitude de inscrición para o procedemento de recoñecemento, avaliación e acreditación da competencia profesional presentárase, xunto coa documentación requirida, na secretaría dos centros onde se vaia desenvolver o proceso para cada unidade de competencia convocada.

Nas propias oficinas de emprego do INEM poderás solicitar información sobre os cursos de formación ocupacional que organizan. Nos sindicatos tamén ofrecen cursos para persoas empregadas e en situación de desemprego:

- Cursos por sectores de actividade
- Cursos presenciais
- Cursos de teleformación
- Cursos on-line

Entidade	Enderezo	Teléfono/Email	Horarios	Buses
FORGA formación	Avda. de Rosalía de Castro, 94 Perillo- Oleiros	981 639 718 corunha@forga.org	De luns a venres: 8.30 a 20.30 h	Estación de autobuses: Liña: A Coruña- Montrove-Sada
FOREM Galicia	Avda. das Mariñas, 280 Perillo- Oleiros	981 613 909 fina_lourido@foremga.ccoo.es	De luns a xoves: 9.00 a 14.00 e de 15.30 a 18.00 h; venres: de 8.00 a 15.00 h	Estación de autobuses: Liñas: • A Coruña-Betanzos • A Coruña- Oleiros (pola nacional)
UGT	Fernández Latorre, 27 A Coruña	981 152 232 ugtcoruna@ugtcoruna.es	De luns a venres: mañás: de 9.00 a 14.00 h	Liñas: 1-1A-2- 5-17

Non é necesario estar afiliada para poder solicitar os cursos de formación.

## Estudos universitarios

Podes acceder aos estudos universitarios se:

- Tes superado o bacharelato e tras superar as probas de acceso á universidade PAAU (selectividade).
- Ter cursado ciclos superiores de formación profesional, artes plásticas ou ensinanzas deportivas.
- Mediante a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

A universidade convoca unha vez ao ano unha proba de acceso para aquelas persoas que teñen máis de 25 anos e non posúen o título de bacharelato.

En Galicia, o organismo encargado da convocatoria desta proba é a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) na súa Web podes atopar información sobre a última convocatoria, programas, exames anteriores etc.

- Estudos estranxeiros validables a nivel de bacharelato.  
As estudantes procedentes de centros públicos españois situados no estranxeiro realizarán as probas de acceso denominadas selectividade modalidade EEC (validables) que convoca a UNED.

As estudantes que teñan cursado estudos estranxeiros validables polo bacharelato, incluídos os efectuados en centros estranxeiros autorizados en España, poderán optar entre realizar a proba de acceso na UNED ou na universidade pública que escollan.

- Alumnas de sistemas educativos da Unión Europea.  
Pode acceder directamente o alumando procedente de sistemas educativos de estados membros da Unión Europea ou os doutros estados cos que se subscribísen acordos, en réxime de reciprocidade, sempre que cumpra cos requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos para acceder ás súas universidades. Pero antes de inscribirse nas universidades deben solicitar a credencial de acceso na UNED.

## **Ensinanzas de réxime especial: artísticas, idiomas e deportivas**

### ***Ensinanzas artísticas***

Son ensinanzas artísticas as seguintes:

- As ensinanzas elementais de música e de danza
- As ensinanzas artísticas profesionais:
  - ensinanzas profesionais de música e danza
  - graos medio e superior de artes plásticas e deseño
- As ensinanzas artísticas superiores:
  - estudos superiores de música e de danza
  - as ensinanzas de arte dramática
  - as ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais
  - os estudos superiores de deseño
  - os estudos superiores de artes plásticas, que inclúen os estudos superiores de cerámica e os estudos superiores do vidro

### ***Ensinanzas de idiomas***

Organízanse en tres niveis: básico, intermedio e avanzado

Para acceder a elas será requisito ter 16 anos cumpridos no ano que se comecen os estudos. Tamén poderán acceder as persoas maiores de 14 anos para seguir as ensinanzas dun idioma distinto do cursado na ESO.

Os niveis intermedio e avanzado serán impartidos nas escolas oficiais de idiomas. O título de bacharelato habilitará para acceder directamente aos estudos de idiomas de nivel intermedio da primeira lingua estranxeira cursada no bacharelato.

### **Ensinanzas deportivas**

Teñen como finalidade preparar para a actividade profesional en relación cunha modalidade ou especialidade deportiva. Estrutúranse en dous graos: grao medio e grao superior.

Nos seguintes enderezos poderás obter máis información sobre educación e formación:

**Na páxina web:** <http://www.edu.xunta.es/fp/>

#### **Servizo Municipal de Educación**

(Casa Paredes)  
Avda. da Mariña 18, 2.º  
981 184 396

#### **Escola Oficial de Idiomas**

Pepín Rivero, s/n  
981-279 100 / 981-145 094

#### **Delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**

Praza Luís Seoane s/n  
Edificio de Servizos Múltiples, 1.ª planta  
981 184 701

#### **Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED)**

Pepín Rivero, s/n  
981 145 051

#### **Servizo de asesoramento e promoción do estudante (SAPE)**

Casa do Francés  
Campus da Zapateira.  
981 167 050, ext.: 2904

#### **Centro Municipal de Información Xuvenil (CMIX)**

Forum Metropolitano  
Río Monelos, 1  
981 184 293  
<http://www.coruna.es/nex>

#### **Conservatorio profesional de música**

Praza do Conservatorio, s/n  
981 276 800

#### **Comisión interuniversitaria de Galicia (CiUG) Facultade Dereito - Campus Universitario**

Sur, 3.º 15782 Santiago de Compostela,  
A Coruña  
981 528 080

#### **Escola municipal de música**

Torre, 67  
981 226 752

**Nos propios centros educativos onde vaías facer a matrícula**



## Emprego

Os principais recursos para a busca de emprego no Concello da Coruña son os seguintes:

### ***Oficinas do INEM ou servizo público de emprego estatal***

En primeiro lugar, debes dirixirte á Oficina de Emprego INEM que che corresponda, segundo o teu distrito postal, onde te informarán e che facilitarán a tarxeta de demandante de emprego.

#### **Oficina do INEM (Zona Orillamar)**

Orillamar, 78  
981 218 330 - 981 218 332 - 981 224 178

#### **Oficina do INEM (Zona Monelos)**

Praza de Rafael Dieste, s/n  
981 294 533 e 981 290 557 e 981 290 088

#### **Oficina do INEM (Zona Agra do Orzán)**

Avda. de Fisterra, 227-229  
981 150 384 e 981 152 560

### ***Servizo Público de Emprego***

É un servizo a través do cal a Xunta de Galicia realiza as funcións de intermediación entre a oferta e a demanda de emprego. Podes acceder ao Servizo Público de Emprego nas mesmas oficinas do INEM ou na rede de centros asociados.

A través dos seguintes teléfonos comunicaranlle os centros asociados máis próximos do seu domicilio para que poida solicitar unha entrevista de orientación laboral:

902 125 000 (atención a demandantes de emprego)  
902 269 202 (atención a empresas)

De luns a venres de 08.00 h a 22.00 h  
Sábado de 09.00 h a 14.00 h

Podes obter máis información na páxina web: <http://traballo.xunta.es>

## Centro Municipal de Empleo

Constitúe un espazo municipal en que poderás informarte sobre emprego e formación. Os servizos que ofrece son os seguintes:

- Apoio e asesoramento personalizado na busca de emprego.
- Itinerarios profesionais.
- Xestión de ofertas de emprego.
- Cursos de formación ocupacional.
- Asesoramento para o autoemprego.
- Derivación a outras entidades de orientación e asesoramento laboral.

É necesario solicitar cita previa.

Centro Municipal de Empleo
<p>Horario de atención ao público:            Inverno (16 de setembro ao 14 de xuño): luns a venres de 8.00 a 14.00 horas            Verán (15 de xuño a 15 de setembro): luns a venres de 8.00 a 13.30 horas</p>
<p>Estrada dos Fortes, s/n e Simón Bolívar, s/n            981 184 399 e 981 189 855            emprego@coruna.es            www.coruna.es/empleo            Buses: 3- 3A- 12- 12A-14</p>

## Seguridade

Ante accidentes, agresións, roubos, furtos, estafas etc., todas as persoas deben, segundo a lexislación española, denunciar inmediatamente o sucedido nunha comisaría de policía.

No caso de tratarse do roubo do pasaporte é necesario denunciálo ante a embaixada correspondente.

Na maioría dos casos, a denuncia poderase presentar en varios idiomas.

Teléfonos de interese:

Policía Local 092	Policía Nacional 091	Garda Civil 062
Emerxencias 112	Protección Civil 981 184 343	Bombeiros 080

## Violencia de xénero

*Enténdese por violencia de xénero calquera situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada (Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).*

Trátase dunha violencia que afecta ás mulleres polo mesmo feito de selo e constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do ámbito en que se produza.

Se pos unha denuncia e che conceden unha orde de protección, poderás solicitar un permiso de residencia temporal independente, se tes un por reagrupación familiar vinculado ao permiso de residencia do agresor.

No caso de mulleres estranxeiras que se atopen en situación administrativa irregular, por non ter autorización de estadía ou permiso de residencia, a concesión da orde de protección deixa en suspenso o procedemento administrativo sancionador que poida tramitarse e permite solicitar a autorización de residencia temporal por razóns humanitarias.

Se non sabes a onde acudir podes poñerte en contacto no **016** (non deixa rastro na factura do teléfono desde o que chames) ou no **Teléfono da Muller 900 400 273**. Son servizos gratuítos e anónimos que funcionan as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a comunidade autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado cos diferentes profesionais de toda Galicia.

Tamén podes buscar axuda nos centros de información ás mulleres e asociacións especializadas que te informarán e apoiarán nas actuacións que debes levar a cabo.

### Directorio de recursos:

#### CIM

Mirar datos nas paxinas anteriores

#### EMUME

(para mulleres residentes fóra da cidade da Coruña)  
Médico Devesa Núñez, 3  
15008 A Coruña  
Tlf.: 981 167 800, ext.: 270

**Policía Nacional**

Servizo de Atención Familiar (SAF)  
 Cuartel de Lonzas  
 15008 A Coruña  
 Tlf.: 981 166 351

**Asociación de Mulleres Separadas**

Praza dos Olmos, Bloque 13, porta 5,  
 A Coruña  
 Tlf.: 629 834 635

**Gabinete de Orientación Familiar**

Avda. do Exército, 2B Piso 1.º  
 15002 A Coruña  
 Tlf.: 981 185 703/981 185 707  
 981 185 709

**Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia**

Espiñeira, 10, baixo  
 15706 Santiago de Compostela  
 Tlf.: 629 777 595

## Conciliación da vida persoal, familiar e laboral

Cando falamos de conciliación referímonos por un lado, á superación das relacións de desigualdade entre mulleres e homes e, por outro, a promover unha nova organización da sociedade que supere os roles e responsabilidades que homes e mulleres asumiron até agora, para promover unha distribución mais equitativa no uso dos tempos e os espazos.

O Concello da Coruña traballa desde diferentes concellarías (Igualdade e Participación Cidadá, Educación e Servizos Sociais, Deportes) co obxectivo de facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar da cidadanía aplicando medidas que expoñemos a continuación:

<b>Educación</b> <i>Contacto:</i> 981 184 396 981 184 293	Programa Madrugadores	Servizo de protección, vixilancia e servizo de almorzo a escolares de centros públicos dos CEIP da Coruña durante o curso escolar. Horario: luns a venres, de 7:30 a 9:00 horas (días lectivos). Hai 3 modalidades: - fixo mensual - queda laboral (quincenais, por necesidades laborais) - esporádico (para a súa utilización en días soltos).
	Programa Descubrir o ocio  Escolas infantiles municipais	Oferta de actividades en horario extraescolar: Luditarde, ludiáxiles, e deporte no centro.  O Concello da Coruña é titular de sete escolas infantiles que cubren de 0 a 3 anos no centro.
<b>Servizos Sociais</b> <i>Contacto:</i> 981 184 374	Programa Vacacional: “Divírtete no verán”	Campamentos urbanos, de día e de verán.
	Comedores escolares	Financiamento de prazas de comedor para nenos e nenas de 3 a 16 anos nos seus respectivos centros escolares.
<b>Deportes</b> <i>Contacto:</i> 981 189 800	Campamentos deportivos vacacionais	Oferta de actividades deportivas durante o calendario escolar -en horario extraescolar e fóra do calendario escolar.
<b>Igualdade e Participación Cidadá</b> <i>Contacto:</i> Centro de Información ás Mulleres 981 184 356	Programa de conciliación da vida laboral, familiar e persoal: “Concilia os teus Tempos”	<b>Servizo de Atención á Infancia:</b> - Espazos de atención á infancia - Atención á infancia a domicilio - Ludoteca municipal  <b>Plan de programación do tempo da cidade:</b> Fomento da coordinación entre as administracións, empresas, entidades e axentes sociais co fin de establecer conxuntamente uns horarios na cidade sensibles ás esixencias persoais, familiares e laborais das mulleres e dos homes.  <b>Banco do tempo da Coruña:</b> sistema de intercambio de servizos e/ou coñecementos por tempo.
<b>Outros - FAPA</b> <i>Contacto:</i> 981 20 20 02	Comedores escolares	Servizo de comedor ofrecido aos CEIP’s públicos da cidade.

## 7. Bibliografía

---



AGRUPACIÓN DE DESARROLLO NEXOS (2006): *Guía práctica para la dinamización de grupos de mujeres con experiencia migratoria*.

COMISIÓN EUROPEA. DIRECCIÓN GENERAL DE EMPLEO Y ASUNTOS SOCIALES (2004): *Hogares, Cuidados y fronteras: derechos de las mujeres inmigrantes y conciliación*, (Madrid: Traficantes de Sueños).

CONCELLERÍA DA MULLER, EDUCACIÓN E CULTURA (2004): *Guía para as mulleres inmigrantes* (Concello de Ribadeo).

CRUZ ROJA (2006): *Bienvenidos, Bienvenidas. Manual de Acogida a inmigrantes en la sociedad de Galicia* (Xunta de Galicia).

CRUZ ROJA (2006): *Manual de acogida a inmigrantes en la sociedad de Galicia* (Xunta de Galicia).

CRUZ ROJA (2007): *Guía práctica para la dinamización de espacios de desarrollo personal y profesional para mujeres inmigrantes* (Madrid: CEPAIM).

HARRESIAK APURTUZ. Coordinadora de ONG de Euskadi de Apoyo a inmigrantes (2006): *Monográfico de Género e Inmigración: mujeres migrantes, viajeras incansables* (Diputación Foral de Bizkaia).

[www.harresiak.org](http://www.harresiak.org)

INSTITUTO ANDALUZ DE LA MUJER (2009): *Mujer Inmigrante, no estás sola* (Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales).

INSTITUTO BALEAR DE LA DONA (2006): *Guía de bienvenida para la mujer inmigrante* (Govern de les Illes Balears).

INSTITUTO DE LA MUJER (2008): *Mujer conoce tus derechos* (Ministerio de Igualdad).

INSTITUTO DE LA MUJER (2009): *Módulos formativo para la integración de las mujeres inmigrantes. Dirigidos al personal que se encuentra al servicio de la Administración Pública* (Madrid: Ministerio de Igualdad).

INSTITUTO DE LA MUJER DE EXTREMADURA (2010): *Programa MEDEA: Programa de erradicación de la violencia de género e integración laboral de las mujeres inmigrantes en Extremadura* (Junta de Extremadura).

Servizo Municipal de Educación (2010): *Aprender en Coruña* (Concello da Coruña).

UAMI (2008): *Guía básica laboral para inmigrantes* (Concello da Coruña).

UAMI (2008): *Guía de acogida para inmigrantes* (Concello da Coruña).

UAMI (2010): *Guía de recursos de Santiago de Compostela para persoas inmigrantes e retornadas* (Concello de Santiago de Compostela).











**mulleres  
migrantes**



**Concello da Coruña**

Concellería de Igualdade e  
Participación Cidadá